



### OFICINAS XERAIS

■ A atención ao público é de luns a venres de 9:00 a 14:00 horas.

- Consultas, información, etc...

No teléfono 981 814 612.

No enderezo electrónico [vedra@concellodevedra.com](mailto:vedra@concellodevedra.com)

### SERVIZO DE AVARIAS NA ILUMINACIÓN PÚBLICA

■ Se detectas algunha avaría na iluminación pública chama ao teléfono 699 304 702 de luns a venres ou ao 902 650 365 para emerxencias en calquera horario.

### AVISOS DE NIÑOS DE VESPA VELUTINA NO 012

■ A Xunta de Galicia coordina a loita contra a vespa velutina, polo que os avisos de niños deberán ser notificados ao 012.

### A FIBRA EN VEDRA

■ Case todas as aldeas de Vedra contan con cobertura de fibra, se ben se segue a traballar en acadar o 100%, tentando cubrir a aquelas vivendas e negocios illados que se atopan a máis de 400 metros da infraestrutura existente.

Consultas e información no teléfono: 669 57 33 51

### PERMISOS DE QUEIMA

■ Aberto o prazo de comunicación de queimas agrícolas da Xunta de Galicia!

Solicita a túa comunicación na páxina web da Consellería De Medio Rural.

Documentación requirida:

- Nome + apelidos + número de DNI + enderezo electrónico + enderezo da finca na que se realizará a queima.

Se tes algunha complicación podes chamar ao 981 814 612.

## NOVEMBRO

L	M	MC	X	V	S	D
1	2	3	4	5	6	7
8	9	10	11	12	13	14
15	16	17	18	19	20	21
22	23	24	25	26	27	28
29	30					

### AXUDAS AO ENSINO E AO TRANSPORTE DO CONCELLO DE VEDRA

■ Aberto o prazo para solicitar as axudas ao ensino e ao transporte do Concello de Vedra para o curso 2021/2022.

PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES ATA O 16 DE NOVEMBRO DE 2021 (inclusive)

Toda a información nas bases reguladoras das axudas publicadas na web municipal [www.concello-devedra.gal](http://www.concello-devedra.gal). Consultas nos teléfonos 981 814 693 ou 981 814 612.



### RENOVACIÓN DA DEMANDA DE EMPREGO

■ A renovación da demanda de emprego é obrigatoriamente presencial.

Polo tanto se queres renovar a túa tarxeta de desemprego no concello SOLICITA CITA PREVIA no teléfono 981 814 692 (como mínimo 5 días antes da data sinalada). Lembre que podes facer a renovación o día indicado na túa tarxeta de desemprego ou ata 2 días antes

### INFORMACIÓN DE CATASTRO EN VEDRA

■ Cada terceiro martes de mes no Salón de Plenos Municipal. Para facer uso deste servizo chama ao 981 814 612 e reserva a túa cita.

En novembro a cita será o martes 16.



## ACTO DE RECOÑECEMENTO AO VOLUNTARIO EN VEDRA NA CRISE DA COVID-19



Pleno extraordinario de homenaxe ao voluntariado en Vedra na Crise da Covid.



Intervencións de 3 iniciativas do voluntariado en Vedra na Crise da Covid-19.



Voluntariado Protección Civil de Vedra.



Voluntariado Senior de acompañamento social.



Voluntariado de acompañamento telefónico na Covid-19.



Voluntariado de emerxencias na Covid-19.



Voluntarias para a elaboración de máscaras.



Agasallos en recoñecemento da acción voluntaria en Vedra.





Empresas homenaxeadas.



Empresas homenaxeadas.



Empresas homenaxeadas.



Institucións homenaxeadas.



Charla coas asociacións de Vedra "A importancia do labor asociativo. Reactivando experiencias para a transformación do territorio".



Formación sobre medidas hixienico-sanitarias e de seguridade na hostalaría no contexto de Covid19 na Nave da Estación e organizada polo GDR.



ITV en Vedra.





## ASÍ FOI... NAS ASOCIACIÓNS



Festa de Outono proposta pola ANPA do CEIP Ortigueira.



Formación sobre "Recoñecemento e utilidades das plantas medicinais" proposta pola Asociación Herbamoura e o Sindicato Labrego Galego coa colaboración da AAVV de San Miguel de Sarandón.



Así foi a visita da directora xeral de xuventude ao Proxecto de Iniciativa Xove ERRADICADESCANTIA da Asociación Amabul.



Así foron as Xornadas Micolóxicas Cogomelar da Asociación AMABUL.



Xacovedra, dentro do Circuito Galego de Teatro Amador de Vedra celebrado durante as dúas últimas fins de semana de outubro.

## Medio Ambiente



### RECOLLIDA DO LIXO

■ Lembra a importancia, para o noso medio, dunha recollida do lixo correctamente separada e clasificada que ademais suporá un aforro no custe deste servizo.

Para iso contas cos seguintes servizos municipais...

#### PUNTO LIMPO DE VEDRA

Horario: Martes de 9:00 a 14:00 e de 16:00 a 19:00 h.  
Sábado de 9:00 a 14:00 h.

Para facer uso deste servizo chama ao 981 814 612 e reserva a túa cita.

#### RECOLLIDA DE VOLUMINOSOS A DOMICILIO

O Concello presta este servizo á veciñanza para eses casos nos que non podes trasladar os teus voluminosos ao Punto Limpo.

Para facer uso deste servizo, chama ao 981 814 612 e reserva a túa cita.

## DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

■ Próximamente o Concello de Vedra contará con dous puntos de recarga para vehículos eléctricos subvencionados polo programa PLAN MOVES 2021.

Moita atención a vindeiros números deste boletín no que indicaremos a ubicación destes.



## De Interese

### XUNTANZAS DO ALCALDE COA VECIÑANZA

■ Despois desta longa e difícil etapa sen a actividade habitual volvemos propoñer este espazo de reunión presencial en cada parroquia, nas que o alcalde se

pon a disposición da veciñanza para falar e tratar temas de interese xeral así como responder a todas as cuestións que se formulen.

DATA	LUGAR	HORARIO
Xoves 4 de novembro	Local Social de San Fins de Sales	Ás 20:30 h
Luns 8 de novembro	Local Social de Illobre	Ás 20:30 h
Mércores 10 de novembro	Centro Social de Vedra	Ás 20:30 h
Luns 15 de novembro	Local Multiusos Trobe	Ás 20:30 h
Xoves 18 de novembro	Local Social San Pedro de Sarandón	Ás 20:30 h
Martes 23 de novembro	Casa da Cultura San Miguel de Sarandón	Ás 20:30 h
Xoves 25 de novembro	Local Social Merín	Ás 20:30 h
Luns 29 de novembro	Local Multiusos San Mamede de Ribadulla	Ás 20:30 h
Xoves 2 de decembro	Local Social San Pedro de Vilanova	Ás 20:30 h
Xoves 9 de decembro	Local Social Ponte Ulla	Ás 20:30 h
Luns 13 de decembro	Local Social de San Xián	Ás 20:30 h
Xoves 16 de decembro	Casa da Cultura Santa Cruz de Ribadulla	Ás 20:30 h

## Cultura

### ESPECTÁCULO MUSICAL PARA O PÚBLICO INFANTIL E FAMILIAR

■ **"CONSERTASSO NA HORTA"** con Brais das Hortas.

**Data:** Sábado, 27 de novembro, ás 19:00 h.

**Lugar:** Centro Sociocultural de Vedra.

Cancións orixinais, variedade de estilos e interacción co público conforman esta proposta chea de frescura, humor e amor pola nosa cultura, fauna e contorna natural. Coa colaboración de:





## EXPOSICIÓN PICTÓRICA NA CASA DAS ARTES DA OBRA DO PINTOR VEDRÉS JESÚS DAMIÁ

### ■ INAUGURACIÓN:

O xoves, 11 de novembro, ás 19 horas na Casa das Artes de Vedra

### HORARIOS DE APERTURA AO PÚBLICO:

- Luns de 16:00 a 20:00 horas.
- Mércores de 16:00 a 20:00 horas.
- Venres de 16:00 a 20:00 horas.
- Sábados de 11:00 a 13:00 horas.
- Domingos de 11:00 a 14:00 horas.

A obra deste autor asentado en San Fins fai máis de 25 anos, mostra unha selección propia, de factura ecléctica, de variada temática e sempre dende a súa concepción de total autodidacta.

A mesma estará exposta ata o 1 de decembro nos horarios indicados.

Posibilidade de visitas para grupos en outros horarios solicitándoo no teléfono 981 814 691 ou no enderezo electrónico cultura@concellodevedra.com.



# Medio Rural



## INFORMACIÓN SOBRE REPOBOACIÓNS FORESTAIS

### DISTANCIAS PARA NOVAS REPOBOACIÓNS FORESTAIS

Con parcelas forestais	2 metros
Con terreos en solo rústico de especial protección agropecuaria	10 metros
Con labradíos e prados	4 metros frondosa* 10 metros resto especies**
Con vías (autoestradas, autovías e estradas convencionais) (a contar dende o dominio público)	2 metros frondosa 10 metros resto especies
Con pistas asfaltadas ou non de polo menos 5 m de ancho	2 metros frondosa 6 metros resto especies
Con ríos de máis de 2 m de ancho (a contar dende o dominio público)	5 metros frondosa 15 metros resto especies
Con edificacións/vivendas situadas a menos de 400 m do monte ou vivendas illadas fóra de solo de núcleo	15 metros frondosa 50 metros resto especies
Con solo urbano, de núcleo rural ou urbanizable	2 metros frondosa 50 metros resto especies
Con gasoleiras ou industrias perigosas	15 metros frondosa 50 metros resto especies

\*Frondosas: as do Anexo I Lei montes (carballo, castiñeiro, freixo, cerdeira, etc)

\*\*Resto especies: as da D.A. III Lei incendios (piñeiro, eucalipto, mimosa, acacia, etc)



## PROHIBICIÓNS

REPOBOACIÓNS FORESTAIS	Prohibidas en solo urbano, de núcleo rural, urbanizable e de especial protección agropecuaria.
PLANTACIÓNS DE EUCALIPTO	Prohibidas en terreos ocupados previamente por frondosas (castiñeiros, carballos, etc).  Pendentes da nova normativa autonómica que só permitirá plantación de eucalipto en solo forestal no que previamente existira plantación desta especie.  Recomendamos limitar estas plantacións exclusivamente a solo forestal.

**MOI IMPORTANTE:** están totalmente prohibidas as repoboacións forestais en solos **URBANO**, de **NÚCLEO RURAL**, **URBANIZABLE DELIMITADO** e de **ESPECIAL PROTECCIÓN AGROPECUARIA**.

### LEMBRA QUE ANTES DE REALIZAR UNHA PLANTACIÓN DEBES COMPROBAR COS AXENTES MEDIOAMBIENTAIS AS DISTANCIAS LEGAIS

Normativa aplicable:

- Lei 7/2012 de Montes de Galicia.

- Lei 3/2007 de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia. Modificacións das citadas leis na Lei 3/2018 de medidas fiscais e administrativas.

- Dúbdas e consultas no teléfono 981 814 612.

### NOVO SERVIZO TELEFÓNICO PARA COMUNICAR CORTAS DE MADEIRA PARA CONSUMO DOMÉSTICO NO 012

■ A Xunta de Galicia habilita un servizo telefónico para o trámite de declaracións de aproveitamentos forestais para consumo doméstico a través do 012, premendo na opción "corta de madeira".

Os datos dos que deberá dispoñer antes de realizar a chamada son os seguintes:

- Número de DNI do titular da parcela ou declarante.
- Referencia catastral da parcela.
- Nome e cantidade da especie que se vai cortar.
- Volume da madeira (para este dato deberase saber o diámetro e altura aproximada dos pés que se van cortar).

Neste servizo telefónico indicarán se a parcela se pode tramitar a través dunha declaración responsable de corta (MR604R) ou se por algunha afección desta é necesario realizar o trámite de Autorización (MR604N), este último haberá que realizalo de forma telemática. Para aquelas persoas que dispoñan de certificado dixital ou chave 365, seguirá dispoñible na sede electrónica da Xunta o trámite para realizalo de maneira telemática, buscando o procedemento MR604R (declaración responsable) ou MR604N (autorización) segundo corresponda.

Para máis información ou dúbidas sobre estes trámites poden contactar co Concello no teléfono 881 074 404.

# Turismo

### CHEGAR E ENCHER

■ A cámara de Son Vedra segue de taberna en taberna, gozando dos pequenos praceres da vida, como tomar un café, un viño, degustar unha rica comida, ou botar uns contos. Xa visitou: A Taberna do Souto, A Taberna do Ferrador, A Taberna de Gundián, O

Churrasco de Juanito, O Fogar do Avó e o Café Bar O Patio de Mónica, cal será o próximo...?

## CHEGAR E ENCHER!

Concello de Vedra




## I CONCURSO DE FOTOS. A CULTURA DO VIÑO NA RIBEIRA DO ULLA

■ O día 12 de novembro remata o prazo para inscribirse no concurso de fotos. Recordade que son 4 premios de 300 euros cada un. Ademais, despois do concurso haberá unha exposición das fotos participantes para poñer en valor o noso patrimonio e riqueza cultural vitivinícola, e por suposto para dar visibilidade aos traballos presentados.



## V12. DE PARROQUIA EN PARROQUIA

■ A V12 continúa percorrendo as nosas parroquias, xa quedan poucas. No mes de outubro paseamos por Vilanova, e aproveitamos para falar de arquitectura popular, do camiño de Santiago, e de personaxes que forman parte da historia de Galicia como o Mestre Mateo ou López Ferreiro.



No mes de novembro visitamos San Fins, onde imos coñecer o patrimonio da parroquia e falar de romanos.

## FAIRWAY

■ Do 7 ao 9 de novembro Vedra participará na feira turística Fairway (IV Forum del Camino de Santiago), no Palacio de Congresos de Santiago Compostela.



# Educación

## VEDRA MEDRA

### ■ Vedra medra acolle a exposición "O PICO SACRO NO CÓDICE CALIXTINO"

Esta exposición, que forma parte do ciclo de actividades "Un mes e Pico", foi cedida temporalmente polo concello de Boqueixón.

Vedra medra programou distintas actividades con base nela para o alumnado da ESO. Trátase dunha mostra coa que se quere valorizar e dar a coñecer a parte lendaria do monte sagrado da man do libro III do Códice Calixtino. Nos nove paneis que a compoñen, a rapazada indagou sobre varias figuras esenciais do relato lendario: a señora destas terras (a Raíña Lupa), os discípulos de Santiago que buscan enterrar o seu corpo (a *translatio*) e os máxicos feitos que rodean o aconte-



cido no Pico (a aparición do dragón, os bois que tornan mansos e a conversión da Raíña ao cristianismo).

Para este primeiro trimestre prevemos ademais a realización de varias saídas didácticas pola contorna ullá. A primeira, vinculada á Vía da Prata, coa visita ao Centro de Interpretación Raíña Lupa de Cachosenande e a subida ao Pico Sacro, centrada na revisión do patrimonio lendario asociado.

A segunda, levaranos ata San Miguel de Sarandón para revivir as cantarelas de Nadal da súa veciñanza e da asociación cultural San Campio.

A terceira consistirá nunha ruta para procurar plantas medicinais cun dobre obxectivo: identificar e ver que utilidade se lles daba antano na curación de persoas e de animais. Este itinerario é unha actividade máis do obradoiro "Escola de menciñeiros" que este curso 21-22 puxemos en marcha.

Vedra medra continúa o seu traballo de dinamización a partir do patrimonio local. Estamos na web do CPI de Vedra e no Facebook **Vedra medra**.



## SERVIZO DE ASESORAMENTO PARA IMPULSAR E APOIAR INICIATIVAS EMPRESARIAIS DE ECONOMÍA SOCIAL DA OFICINA DE PROMOCIÓN ECONÓMICA DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

■ O Concello de Santiago presenta un novo servizo de asesoramento para impulsar e apoiar iniciativas empresariais de economía social que lanzou recentemente a Oficina de Promoción Económica do Concello de Santiago de Compostela dirixido a **persoas emprendedoras e empresas de economía social da área metropolitana de Santiago de Compostela**.

Este servizo busca **incentivar e apoiar a creación e consolidación de proxectos de economía local** na área de Compostela, fomentar o emprendemento, estimular o crecemento e a competitividade, e reducir os tempos de posta en marcha das iniciativas vinculadas a unha economía que pon ás persoas e o seu traballo no centro do Desenvolvemento económico e social.

O servizo de asesoramento está **destinado** a persoas interesadas no emprendemento cooperativo, sociais e persoal de cooperativas e público en xeral da área metropolitana de Santiago de Compostela. Este asesoramento é de carácter **gratuíto** e o único requirimento de acceso é cumprimentar o **formulario de inscrición**.

As consultas poderán versar entre outras, sobre algunhas das seguintes temáticas:

- Asesoramento e acompañamento ás entidades de economía social no ámbito das sociedades e en materia de xestión empresarial.
- Axudas ás entidades de economía social para impulsar novas liñas de negocio e xerar novos proxectos.
- Definición do modelo empresarial e a elaboración do plan de empresa para as entidades de economía social.
- Trámites administrativos para constituír a empresa ou entidade (trámites de constitución, elaboración dos estatutos ...).
- Acompañamento da busca de socios/as.
- Consolidación empresarial da iniciativa.

O servizo está situado no CERSIA (Centro de Recursos e Servizos Integrais de Apoio á Empresa), sito na Rúa Alcalde Raimundo López Prol s/n. **Para máis información economiasocial@abeluria.coop.**

### ...DE INTERESE!!

■ O Concello de Vedra no pasado mes de setembro tivo unha taxa de paro do 7,08 % ocupando o terceiro lugar na clasificación de municipios con menos paro da provincia da Coruña.

Fonte da información: datosmacro.com

## Servizos Sociais

### LUDOTECA. PROGRAMA CONXUGA PARA A CONCILIACIÓN

■ Dende o ano 1989 celébrase a conmemoración do Día Universal dos Dereitos da Infancia o 20 de novembro, é un día de alegría e tamén de pensar e reflexionar sobre a situación e a participación da infancia no noso Concello.

Este ano colocamos as lentes de xénero para reflexionar sobre se os dereitos dos nenos e as nenas se cumpren do mesmo xeito e desterrar algúns mitos sobre que poden e non poden facer homes, mulleres, nenos e nenas. Dende o proxecto Conxuga seguimos a traballar na educación para a corresponsabilidade e a igualdade a través de todas as actividades que desenvolvemos na actividade lúdica e a través do xogo. Con esta intención, formulamos os

seguintes obradoiros e actividades:

- Obradoiro musical.
- Obradoiro de habilidades sociais, como pedir axuda.
- O Agosto.
- Experimentos divertidos. "A profesora Chifrada".
- Xogos reunidos.
- Xincana: "Os dereitos dos nenos e nenas".
- SuperChef.
- Contacontos: "Os dereitos dos nenos e nenas" e "contacontos contra a violencia"



XUNTA DE GALICIA



Concello de Vedra





## 25N

■ Cada 25 de novembro celébrase en todo o mundo “O Día Internacional contra a Violencia cara ás Mulleres”. Esta data conmemora o asasinato das tres irmás Mirabal, o 25 de novembro de 1960, militantes opositoras á ditadura que exerceu, por máis de 30 anos, Leónidas Trujillo na República Dominicana.

Segundo a “Declaración sobre a Eliminación da Violencia Contra a Muller”, emitida o 20 de decembro de 1993, “enténdese por violencia contra a muller a todo acto de violencia baseado na pertenza ao sexo feminino que teña ou poida ter como resultado un dano ou sufrimento físico, sexual ou psicolóxico para a muller, así como as ameazas de tales actos, a coacción ou a privación arbitraria da liberdade, tanto se se producen na vida pública como na vida privada”.

Por este motivo, durante o mes de novembro iremos desenvolvendo distintas actividades:

### CAMPAÑA “DÁ A CARA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO”

■ A Área de Igualdade do Concello de Vedra pon en marcha a Campaña “Dá a Cara contra a Violencia de Xénero” na que 30 persoas representativas de distintos ámbitos profesionais, sociais e culturais implícanse no rexeitamento á violencia que se exerce contra as mulleres. Os rostros de 15 homes e 15 mulleres aparecerán en 30 bandeirolas que se colgarán en lugares significativos do noso concello. Nesta campaña participarán entre outros: representantes do asociacionismo local, Protección Civil, muller e home da 3ª idade, alguén do sector empresarial, representantes da Asociación Berenguela pola igualdade, os/as directores/as dos centros educativos, alguén do sector hostaleiro e do comercio, o alcalde e a concelleira de igualdade... Así ata unha trintena de persoas significativas do noso concello que se sitúan fronte a esta secuela social.

### CONCURSO DE LEMAS SOBRE VIOLENCIA SOBRE AS MULLERES

■ A comunidade infantil e xuvenil tamén se implica nesta campaña co Concurso de Lemas sobre Violencia sobre as Mulleres, que se pon en marcha nos niveis de educación infantil, primaria e secundaria. Este concurso está dotado de tres premios, un lote de libros, por categorías, para os gañadores do concurso. Os lemas poderanse entregar en calquera centro educativo, ludoteca e casa consistorial do concello de Vedra.

O lema entregárase nun sobre pechado e por fóra deberá poñer “LEMA”, dentro incluírase escrito o lema, nome e apelidos do/da participante e número de teléfono de contacto, e deberán entregarse antes do 22 de novembro.

### REPARTO INFORMATIVO DE CONCIENCIACIÓN CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO

■ Poñeranse en marcha os dípticos informativos que, baixo o título “Contra a violencia de xénero, eu importo”, expoñen respostas a calquera muller que poida estar a sufrir malos tratos en calquera das súas manifestacións. Que se entende por malos tratos? Cando se producen? Quen son maltratadores, Que debes ter a man? Que podes dicir aos teus fillos e fillas? Que non debes facer nunca? Se decides parar os malos tratos, que facer? Onde acudir? Son algúns dos interrogantes que nunha linguaxe sinxela informan ao conxunto da cidadanía sobre este execrable atentado contra as mulleres. Trátase de atopar solucións. Estes folletos distribuiranse nos distintos espazos do Concello de Vedra, distintas asociacións, colectivos sociais, centros educativos, partidos políticos, concelleiros e concelleiras do concello, empresas, etc.

### ACTO CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO

■ En Vedra, o acto central que celebra o Día Internacional para a eliminación da violencia contra a muller levarase a cabo arredor do día 25 de novembro. A data e o horario difundirase na web e nas redes sociais.

Nesa xornada haberá, entre outras actividades, unha concentración en repulsa da violencia e malos tratos contra a muller e un acto conmemorativo en recordo de todas as vítimas cun concerto a cargo da Banda de Música de Sta.Cruz de Ribadulla.

Co fin de dar unha resposta contundente de repulsa a este fenómeno social convidárase a todos os sectores da sociedade vedresa, coa asistencia do Alcalde de Vedra e a Concelleira de servizos sociais, muller e igualdade.

Entregaranse os premios do concurso de “Lemas” e, para rematar, lerase un manifesto institucional acordado por toda a Corporación Municipal.



XUNTA  
DE GALICIA



UNIÓN EUROPEA



Concello  
de Vedra



## RAICEIROS, 20 ANOS. NA CONTORNA DA NAVE DA ESTACIÓN DE SANTA CRUZ DE RIBADULLA.

### VENRES 12-NOVEMBRO

- 20:00 h. Inauguración da exposición "Raiceiros, 20 anos". Concerto: Grupo de requinteiros A Gaita de Sarandón.

### SÁBADO 13-NOVEMBRO

- 16:00 - 20:00 h. Apertura da exposición – espazo xogo – espazo audiovisual
- 16:30 - 18:00 h. **Obradoiro:** "Ulla Naturalmente, faite vixía do río Ulla". (Dirixido a nenas/os de entre 6 e 12 anos)
- 18:30 - 20:00 h. **Coloquio:** "Experiencias para a posta en valor do patrimonio. Unha visión dende o asociacionismo da ribeira do Ulla". Casa da Estación.

### DOMINGO 14-NOVEMBRO

- 16:00 - 20:00 h. Apertura da exposición – espazo xogo – espazo audiovisual
- 16:00 - 18:00 h. **"Roteiro Raiceiro:** cultura, patrimonio, natureza". (5 km de ruta circular, con saída e chegada na Nave da Estación; dificultade baixa). Inscricións no correo: raiceiros@gmail.com.

### SÁBADO 20-NOVEMBRO

- 16:00 - 20:00 h. Apertura da exposición – espazo xogo – espazo audiovisual
- 16:30 - 18:00 h. **Obradoiro:** "Ulla Oralmente, faite

contacontos da Ulla". (Dirixido a nenas/os de entre 6 e 12 anos)

- 18:30-19:00 h. **Presentación** de "Roga, caderno de campo para repensar o asociacionismo", de Silvia Campos. Casa da Estación.

### DOMINGO 21-NOVEMBRO

- 16:00 - 20:00 h. Apertura da exposición – espazo xogo – espazo audiovisual
  - 19:00 - 20:00 h. Contacontos: **Celso F. Sanmartín**
  - 20:00 h. Clausura e peche.
- **Espazo xogo (nave):** Espazo dotado de diferentes recursos para o xogo libre (crebacabezas de madeira, xogos de mesa, láminas para pintar...)
  - **Espazo audiovisual (vagón):** Espazo para a proxección de audiovisuais producidos pola Asociación Raiceiros.

#### Horarios:

SÁBADOS 13 e 20 de novembro:

- 17:00 h. Requinteiros. Músicos da Ulla.
- 18:00 h. Coplas Ulláns. Cántigas da Ulla.
- 19:00 h. Ballesteros. O fotógrafo.

DOMINGOS 14 e 21 de novembro:

- 17:00 h. Ballesteros. O fotógrafo.
- 18:00 h. Requinteiros. Músicos da Ulla.
- 19:00 h. Coplas Ulláns. Cántigas da Ulla.

## Parabéns



### AOS SEGUINTE DEPORTISTAS DO OLÍMPICO DE VEDRA:

■ A **Gabriela Quintás**, que se proclamou campioa de Europa sub 17 de biatle, e campioa de Europa sub 22 de biatle relevos mixtos facendo parella con Víctor Bouzón, completando a tempada ademais co 8º posto no campionato de España de triatlón distancia sprint xuvenil e clasificando para a final do campionato de España supersprint.



■ A **Víctor Bouzón**, que obtivo o subcampionato de Europa sub 22 de biatle, e a medalla de ouro na proba de relevos mixtos sub22 de biatle xunto con Gabriela Quintás, ademais do 27º posto no campionato de España elite de triatlón sprint (11º sub 23), co que logrou a clasificación para a gran final do Protour a que soa-



mente acceden os 40 mellores triatletas do país.

■ A **César Otero e Andrea Iglesias** que obtiveron a medalla de bronce senior no campionato de Europa de Biatle por relevos mixtos. Andrea clasificou tamén para a final do campionato de España de triatlón supersprint.

